



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIVEIRA O DÍA 31 DE XANEIRO DO 2019.**

ASISTENTES:

Presidente: D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde) Membros que asisten: D. Manuel Emilio Pérez Outeiral D. Antonio Javier Jesús Freire Brión D. Anxo Orellan Fernández D^a Elvira Pereira Ageitos D^a María Esther Patiño Rey D. Víctor Reiriz Lampón	Interventor.: D. Pablo Bao Castro Secretario Xeral: D. Juan Manuel Salguero del Valle Membros que non asisten: -----
--	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as nove horas e corenta minutos do día trinta e un de xaneiro do dous mil dezanove, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.

Non se presenta ningún acta para a súa aprobación

II.- FACTURAS E PROPOSTAS DE GASTO.

A) FACTURAS.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar o listado de facturas presentado polo Departamento de Intervención na data 29/01/2019, que será asinado polo secretario xeral para constancia do seu contido, e que responde ao seguinte resumo:





Número de relación	2019 – 000003
Importe total	102.169,16 €
Número de facturas	72
1ª factura.	
Emisor (Cif)	14996210A
Importe	408,00 €
Última factura	
Emisor (Cif)	V36631042
Importe	100,00 €

B) PROPOSTAS DE GASTO.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** prestar a súa aprobación aos orzamentos presentados segundo as propostas que a continuación se relacionan:

Nº Proposta		1	Data	22/01/2019
SERVIZO/CONCELLERÍA		Servizo de Parques e Xardíns Vicente Alberto Sieira Cores		
DESCRICIÓN DO GASTO		Reparación de varias máquinas (6 desbrozadoras (3+2+1) e 1 cortacésped) da Brigada Municipal de Xardíns		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	BARRAL HERMANOS, S.L.	
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (30/01/2019)			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:		BARRAL HERMANOS, S.L.		
NIF/CIF:		B15224769		
Importe (IVE Incluído):		447,19 €		
Observacións:		A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministros e servizos.		

Nº Proposta		2	Data	29/01/2019
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Xuventude Anxo Orellán Fernández		
DESCRICIÓN DO GASTO		Organización dun taller de creación de webseries no Espazo Xuvenil no mes de febreiro (15 a 17/02/2019 e 22 a 24/02/2019)		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	MR. MISTO PRO & SEL, S.L.	
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (30/01/2019)			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	MR. MISTO PRO & SEL, S.L.			
NIF/CIF:	B94173705			
Importe (IVE Incluído):	2.614,00 €			
Observacións:	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do			





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

	contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministros e servizos.
--	--

Nº Proposta		3	Data	29/01/2019
SERVIZO/CONCELLERÍA		Alcaldía Manuel Ruiz Rivas		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de 56 camisetas para os representantes de Riveira no “Torneo de Robótica First Lego League”, o 16/02/2019 en Ferrol		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	FRANCISCO JAVIER BESADA MOLINA	
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (30/01/2019)			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	FRANCISCO JAVIER BESADA MOLINA			
NIF/CIF:	52930719Z			
Importe (IVE Incluído):	609,84 €			
Observacións:	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministros e servizos.			

Nº Proposta		4	Data	29/01/2019
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Educación Manuel Ruiz Rivas		
DESCRICIÓN DO GASTO		Servizo de revisión de extintores nos colexios O Grupo, Palmeira, deán Grande, Carreira, Frións, Artes e Capela		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	MCS 2014, S.L.	
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (30/01/2019)			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	MCS 2014, S.L.			
NIF/CIF:	B70574538			
Importe (IVE Incluído):	1.032,53 €			
Observacións:	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministros e servizos.			

Nº Proposta		5	Data	29/01/2019
SERVIZO/CONCELLERÍA		Alcaldía Manuel Ruiz Rivas		
DESCRICIÓN DO GASTO		Estancia do Sr Alcalde en Hotel Pazo O Castro (O Barco) co motivo da celebración da Asamblea Xeral do Eixo Atlántico o 19/02/2019		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	EXPLOTACIONES AGRÍCOLAS Y GANADERAS EL CASTRO, S.L.	
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (30/01/2019)			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:		EXPLOTACIONES AGRÍCOLAS Y GANADERAS EL CASTRO, S.L.		
NIF/CIF:		B32004418		





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Importe (IVE Incluído):	70,00 €
Observacións:	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministrados e servizos.

Nº Proposta		6	Data	28/01/2019
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Turismo Antonio Javier Jesús Freire Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO		Expreso do Entroido, inchables de rúa e ambientación musical os sábados 2 e 9/03/2019		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	PEKEXOGO ANIMACIÓN E OCIO, S.L.	
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (30/01/2019)			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	PEKEXOGO ANIMACIÓN E OCIO, S.L.			
NIF/CIF:	B70239439			
Importe (IVE Incluído):	2.250,00 €			
Observacións:	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministrados e servizos.			

Nº Proposta		7	Data	28/01/2019
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Cultura Manuel Ruiz Rivas		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración e disparo de batería de bombas, surtidores especiais de fogo frío, carga de pólvora para queima do Felipe e confetti para festa infantil		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	PIROTECNIA RICARDO RESÚA, S.L.	
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (30/01/2019)			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	PIROTECNIA RICARDO RESÚA, S.L.			
NIF/CIF:	B15367592			
Importe (IVE Incluído):	922,02 €			
Observacións:	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministrados e servizos.			

Nº Proposta	8	Data	23/01/2019
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Manuel Ruiz Rivas		
DESCRICIÓN DO GASTO	Actuación do Trio Arena o 02/03/2019 no Baile de Maiores no Liceo Marítimo – Entroido 2019		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	TRIO ARENA, S.L.
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (30/01/2019)		





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.		
Denominación:	TRIO ARENA, S.L.	
NIF/CIF:	B94167202	
Importe (IVE Incluído):	250,00 €	
Observacións:	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministrados e servizos.	

Nº Proposta		9	Data	30/01/2019
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Administración, Transparencia, Atención e Participación Cidadá Manuel Emilio Pérez Outeiral		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de 36 caixas de papel DIN-A4 para a Casa Consistorial e 12 para a Oficina de Deportes na Fieiteira		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	SANYG ARTES GRÁFICAS, S.C.	
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (30/01/2019)			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	SANYG ARTES GRÁFICAS, S.C.			
NIF/CIF:	J15626245			
Importe (IVE Incluído):	772,46 €			
Observacións:	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministrados e servizos.			

Nº Proposta		10	Data	22/01/2019
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Parque Natural e Medio Ambiente Elvira Pereira Ageitos		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de 10 botes de repelente de mosquitos para alumnos e profesorado da especialidade de conservación e mellora de montes – Obradoiro de Emprego Tahume V		
Nº orzamentos aportados	2	Provedores	- MARÍA JOSÉ ENGUIX BETANZOS - ANA MARÍA BOUZAS TASENDE	
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (30/01/2019)			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	MARÍA JOSÉ ENGUIX BETANZOS			
NIF/CIF:	52456059M			
Importe (IVE Incluído):	69,50 €			
Observacións:	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministrados e servizos.			

Nº Proposta	11	Data	22/01/2019
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Parque Natural e Medio Ambiente Elvira Pereira Ageitos		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de 10 sobre de matrícula e 4 seguros para o		





		alumnado do Obradoiro de Emprego Tahume V que cursa E.S.A.	
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	IES SAN CLEMENTE
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (30/01/2019)		
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	IES SAN CLEMENTE		
NIF/CIF:	Q6555589H		
Importe (IVE Incluído):	34,48 €		
Observacións:	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministrados e servizos.		

Nº Proposta		12	Data	22/01/2019
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Parque Natural e Medio Ambiente Elvira Pereira Ageitos		
DESCRICIÓN DO GASTO		Aluguer de maquinaria (Tractor con apeiro rozadora 4 días e retroexcavadora 8 días) para a especialidade AGAR309 do Obradoiro de Emprego Tahume V		
Nº orzamentos aportados	3	Provedores	- XESTIÓN E ACONSELLAMENTO INTEGRAL DO BARBANZA, S.L. - VÍAS Y SERVICIOS GENERALES, S.L. - TALLERES ARTEIXO, S.L.	
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (30/01/2019)			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	XESTIÓN E ACONSELLAMENTO INTEGRAL DO BARBANZA, S.L.			
NIF/CIF:	B70278585			
Importe (IVE Incluído):	3.775,20 €			
Observacións:	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministrados e servizos.			

Nº Proposta		14	Data	29/01/2019
SERVIZO/CONCELLERÍA		Alcaldía Manuel Ruiz Rivas		
DESCRICIÓN DO GASTO		Iluminación da fachada da Casa Consistorial en cor verde os días 1 ao 4/02/2019 co motivo do Día Mundial contra o Cancro		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	FERROVIAL SERVICIOS, S.A.	
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (30/01/2019)			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:		FERROVIAL SERVICIOS, S.A.		
NIF/CIF:	A80241789			
Importe (IVE Incluído):	423,50 €			
Observacións:		A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministrados e servizos.		





ACHEGAS CONCEDIDAS POLO CONCELLO (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIOS DE COLABORACIÓN).

1.- ACHEGA CONCEDIDA A A.SARAQUETE E HIJOS, S.L. (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN).

Vista a **proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido polo Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 22/01/2019, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa A.Sarasquete e Hijos, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE da ruta regular “Aguiño-Riveira-Pobra do Caramiñal”, relativo aos meses de outubro e novembro; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 29/01/2019.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa A.Sarasquete e Hijos, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE da ruta regular “Aguiño-Riveira-Pobra do Caramiñal”, relativo aos meses de outubro e novembro; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018.

2.- ACHEGA CONCEDIDA A HERMANOS FERRÍN, S.L. (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN).

Vista a **proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido polo Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 22/01/2019, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa Hermanos Ferrín, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE da ruta regular “Castiñeiras-Riveira-Corrubedo-Oliveira-Artes-Oleiros”, relativo aos meses de outubro e novembro; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 29/01/2019.

Vista a documentación que consta no expediente.





A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa Hermanos Ferrín, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE da ruta regular “Castiñeiras-Riveira-Corrubedo-Oliveira-Artes-Oleiros”, relativo aos meses de outubro e novembro; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018.

3.- ACHEGA CONCEDIDA A HERMANOS FERRÍN, S.L. (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN).

Vista a **proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido polo Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 25/01/2019, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa Hermanos Ferrín, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE escolar aos centros de ensino “IES Leliadoura, IES Nº 1 e CIFP Coroso”, relativo aos meses de outubro e novembro; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 29/01/2019.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa Hermanos Ferrín, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE escolar aos centros de ensino “IES Leliadoura, IES Nº 1 e CIFP Coroso”, relativo aos meses de outubro e novembro; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018.

4.- ACHEGA CONCEDIDA A A.SARAQUETE E HIJOS, S.L. (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN).

Vista a **proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido polo Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 22/01/2019, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa A.Sarasquete e Hijos, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE escolar aos centros de ensino “IES Leliadoura, IES Nº 1 e CIFP Coroso”, relativo aos meses de outubro e novembro; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018.





Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 29/01/2019.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa A.Sarasquete e Hijos, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE escolar aos centros de ensino “IES Leliadoura, IES Nº 1 e CIFP Coroso”, relativo aos meses de outubro e novembro; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018.

III.- CONTRATACIÓN.

1.- CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO “AMPLIACIÓN DA ANTIGA ESCOLA UNITARIA DE CORRUBEDO”.

Expediente :2018-C_OB000029

Visto o expediente que se tramita para contratar as obras do proxecto denominado **“Ampliación da antiga escola unitaria de Corrubedo”**, cun orzamento total de licitación de 129.910,37 euros (orzamento base 107.363,94 euros; IVE 21%: 22.546,43 euros) e un prazo de execución de 6 meses.

O proxecto técnico, redactado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data maio/2018, aprobouse por decreto da alcaldía de data 04/12/2018.

O expediente de contratación, por procedemento aberto simplificado con un único criterio de adxudicación (prezo mais baixo) e tramitación ordinaria, o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 933 63200, aprobáronse pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 13/12/2018.

A licitación anunciouse no Perfil de Contratante do Concello (na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia), na data 17/12/2018.

Á vista do informe emitido polo auxiliar administrativo adscrito a oficina de contratación, Ángel Manuel Pena Romy, na data 18/01/2019, e da documentación existente na mesma oficina, consta que a esta contratación presentaron as súas ofertas os seguintes licitadores:

1. ALBERTO PÉREZ SAMPEDRO
2. CYS HISPANIA, S.L.
3. CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L.
4. MARQUÉS DE MARANCÁN, S.L.
5. COVISAN NORTE, S.L.
6. DENUEVO PUNTO CREATIVO, S.L.





7. EXCAVACIONES NIMA, S.L.
8. SERGONSA SERVICIOS, S.L.
9. CONSTRUCCIONES HERMANOS SANZ 2000, S.L.
10. CONSTRUCCIONES DOMINGUEZ ARIAS E HIJOS, S.L.
11. INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS, S.L.
12. EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA, S.L.
13. GRUPO ANTOLIN SOLUCIONES, S.L.
14. TARRÍO Y SUÁREZ, S.L.
15. DEGALLE CONSTRUCCIONES, S.A.

Á vista de que a empresa “Degalle Construcciones, S.A.” presentou a súa oferta a través da Plataforma de Contratación Dixital do Concello de Riveira e a través do Rexistro Xeral Telemático do mesmo (que tivo entrada na data 07/01/2019, co número 234) no que se reflexa o importe da súa oferta (prezo base de 89.326,80 euros, IVE 21% 18.758,63 euros, prezo total 108.085,43 euros), o que implica a ruptura do anonimato da oferta, a Mesa de Contratación na súa reunión da data 22/01/2019, acorda **excluir** a dita empresa da licitación.

O acto de **apertura dos arquivos en soporte dixital**, presentados polos licitadores admitidos, que a continuación se indican, cuxas ofertas foron rexistradas, dentro do prazo concedido a tal fin, na Plataforma de Licitación Electrónica do Concello de Riveira e que conteñen a declaración responsable e a oferta económica de cada un deles, realizouse pola Mesa de Contratación na mesma reunión da data 22/01/2019, dando o resultado seguinte:

LICITADORES	DECLARACIÓN RESPONSABLE	OFERTA ECONÓMICA
ALBERTO PÉREZ SAMPEDRO	CORRECTA	86.927,94 €
CYS HISPANIA, S.L.	CORRECTA	86.964,79 €
CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L.	CORRECTA	88.000,00 €
MARQUÉS DE MARANCÁN, S.L.	CORRECTA	89.900,20 €
COVISAN NORTE, S.L.	CORRECTA	89.980,00 €
DENUEVO PUNTO CREATIVO	CORRECTA	90.228,00 €
EXCAVACIONES NIMA, S.L.	CORRECTA	92.810,20 €
SERGONSA SERVICIOS, S.L.	CORRECTA	94.014,00 €
CONSTRUCCIONES HERMANOS SANZ 2000, S.L.	CORRECTA	95.167,63 €
CONSTRUCCIONES DOMINGUEZ ARIAS E HIJOS, S.L.	CORRECTA	98.579,96 €
INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS, S.L.	CORRECTA	98.939,54 €
EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA, S.L.	CORRECTA	99.101,35 €
GRUPO ANTOLIN SOLUCIONES, S.L.	CORRECTA	99.870,00 €
TARRÍO Y SUÁREZ, S.L.	CORRECTA	99.912,89 €

Tendo en conta os antecedentes expostos e vista a cláusula 16 de Prego de cláusulas administrativas particulares reitor da contratación.

Vista a proposta formulada pola Mesa de contratación na súa reunión de data 22/01/2019.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada





por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

PRIMEIRO.- Excluir da licitación á empresa “Degalle Construcciones, S.A.” que presentou a súa oferta a través da Plataforma de Contratación Dixital do Concello de Riveira e a través do Rexistro Xeral Telemático do mesmo (que tivo entrada na data 07/01/2019, co número 234) no que se reflexa o importe da súa oferta (prezo base de 89.326,80 euros, IVE 21% 18.758,63 euros, prezo total 108.085,43 euros) o que implica a ruptura do anonimato da oferta.

SEGUNDO.- De acordo co disposto no artigo 150, apartado 1, da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, **clasificar, por orde decrecente de valoración, as proposicións que resultaron admitidas á contratación das obras de “Ampliación da antiga escola unitaria de Corrubedo., do seguinte xeito:**

ORDE	LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA
1	ALBERTO PÉREZ SAMPEDRO	86.927,94 €
2	CYS HISPANIA, S.L.	86.964,79 €
3	CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L.	88.000,00 €
4	MARQUÉS DE MARANCÁN, S.L.	89.900,20 €
5	COVISAN NORTE, S.L.	89.980,00 €
6	DENUEVO PUNTO CREATIVO	90.228,00 €
7	EXCAVACIONES NIMA, S.L.	92.810,20 €
8	SERGONSA SERVICIOS, S.L.	94.014,00 €
9	CONSTRUCCIONES HERMANOS SANZ 2000, S.L.	95.167,63 €
10	CONSTRUCCIONES DOMINGUEZ ARIAS E HIJOS, S.L.	98.579,96 €
11	INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS, S.L.	98.939,54 €
12	EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA, S.L.	99.101,35 €
13	GRUPO ANTOLIN SOLUCIONES, S.L.	99.870,00 €
14	TARRÍO Y SUÁREZ, S.L.	99.912,89 €

TERCEIRO.- De conformidade co establecido no artigo 159, apartado 4.f.4º, da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, **requirir a “Alberto Pérez Sampedro” que é o licitador que resultou clasificado en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de sete días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello a documentación que se indica na cláusula 16.1 do prego de cláusulas administrativas particulares.**

De conformidade co disposto no artigo 140.4 da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, as circunstancias relativas a capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar as que se refiren os apartados anteriores, deberán concorrer na data final de presentación de ofertas e subsistir no momento de perfección do contrato.





De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

2.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO “ACONDICIONAMENTO DO ESPAZO DA PLANTA SEGUNDA DO MERCADO MUNICIPAL DE RIVEIRA, CON DESTINO A ESCOLA DE HOSTALARÍA.”

Expediente : 2018 C_OB000019

Visto o expediente que se tramita para contratar as obras do proxecto denominado **“Acondicionamento do espazo da planta segunda do mercado municipal de Riveira, con destino a Escola de Hostalaría”**, cun orzamento total de licitación de 208.541,06 euros (orzamento base: 172.347,98 euros; IVE 21%: 36.193,08 euros) e un prazo de execución de 4 meses.

O proxecto técnico, redactado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data agosto/2018, aprobouse por decreto da alcaldía de data 05/11/2018.

O expediente de contratación, por procedemento aberto con un único criterio de adxudicación (factor prezo), o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 431A 62221, aprobáronse por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 08/11/2018.

A licitación anunciouse no Perfil de Contratante do Concello (na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia), na data 09/11/2018.

Á vista do informe emitido polo auxiliar administrativo adscrito a oficina de contratación, Ángel Manuel Pena Romay, na data 05/12/2018, e da documentación existente na Oficina de Contratación, consta que a esta licitación presentaron as súas ofertas as seguintes licitadores:

- 1) Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 26/11/2018, co número 16.795.
- 2) Construccións Xela Barbanza, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 29/11/2018, co número 17.069.
- 3) Elecnor, S.A.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 30/11/2018, co número 17.098, presentada a través da oficina de correos na data 29/11/2018.
- 4) Constructora e Ingeniería Messi, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 30/11/2018, co número 17.103, presentada a través da oficina de correos na data 29/11/2018.
- 5) Obras Gallaecia, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 30/11/2018, co número 17.110, presentada a través da oficina de correos na data 29/11/2018.
- 6) Degalle Construcciones, S.A.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 03/12/2018, co número 17.197, presentada a través da oficina de correos na data 29/11/2018.





O acto da apertura do sobre único que contén a declaración responsable e a oferta económica de cada un dos licitadores presentados a esta contratación realizouse pola Mesa de Contratación na súa reunión da data 11/12/2018, dando o seguinte resultado:

LICITADORES	DECLARACIÓN RESPONSABLE	OFERTA ECONÓMICA (IVE excluído)
Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.	CORRECTA	140.377,43 €
Construccións Xela Barbanza, S.L.	CORRECTA	168.929,91 €
Elecnor, S.A.	CORRECTA	150.690,83 €
Constructora e Ingeniería Messi, S.L.	CORRECTA	151.493,87 €
Obras Gallaecia, S.L.	CORRECTA	149.864,96 €
Degalle Construcciones, S.A.	CORRECTA	126.675,77 €

Visto que, unha vez realizadas pola Mesa de Contratación as operacións correspondentes respecto das ofertas económicas dos licitadores presentados e admitidos á licitación, resulta que a oferta presentada polo licitador “Degalle Construcciones, S.A.”, debe ser considerada, en principio, como anormal ou desproporcionada, a Mesa de Contratación, na mesma reunión da data 11/12/2018, acordou requirir á citada empresa para que no prazo máximo de 5 días hábiles xustificase a súa oferta.

A notificación do requirimento da xustificación da oferta considerada, en principio, como anormal ou desproporcionada, realizouse na data 12/09/2018, mediante correo electrónico.

Dentro do prazo concedido presentou documentación xustificativa da súa oferta a empresa requirida (que tivo entrada no rexistro xeral na data 19/12/2018 co número 18.018).

Con data 03/01/2019 o arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño emitiu *informe relativo ao proceso de valoración das ofertas presentadas – sobre C – no procedemento aberto (multiplicidade de criterios de valoración) para a adxudicación das obras Acondicionamento do espazo da planta segunda do mercado municipal con destino a Escola de Hostalaría*, no que conclúe que:

“Atendendo á documentación aportada polo ofertante e onde expón os motivos especialmente vantaxosos que o levaron a formular a súa oferta, e toda vez que a mesma susténtase nunha rebaixa substancial das distintas partidas que conforman a totalidade da obra, debo manifestar a miña desconformidade ao respecto, e fundamentado no seguinte:

1.- Esta obra ofrece unha certa complexidade no seu proceso constructivo e coa intervención de oficios e traballos especializados e a complexidade que impoñen as instalacións proxectadas, e que requiren unha programación secuenciada, rigorosa e dunha importante complexidade técnica.

2.- Coñecendo a secuencia dos traballos a xestionar no desenvolvemento evolutivo da obra, a complexidade da execución deste tipo de traballos e a propia experiencia profesional deste técnico na dirección de obras análogas e/ou similares, teño a ben de concluír que a presente obra non se pode executar coas garantías esixibles e tendo en conta a proposta de prezos ofertados, polo que non se considera viable.

E segundo o exposto propón *“rexear a xustificación da baixa temeraria presentada pola empresa “Degalle Construcciones, S.A.”*





Á vista do citado informe, tendo en conta os antecedentes expostos e vista a cláusula 16 de Prego de cláusulas administrativas particulares reitor da contratación, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 10/01/2019, adoptou os seguintes acordos:

- *Excluír da licitación á empresa “Degalle Construcciones, S.A.” por non considerar xustificada a súa oferta económica, de acordo co informe asinado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data 03/09/2019 e considerando a documentación aportada pola empresa como xustificación da súa oferta.*

- *De acordo co disposto no artigo 150, apartado 1, da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, clasificar, por orde decrecente de valoración, as proposicións que resultaron admitidas á contratación das obras de “Acondicionamento do espazo da planta segunda do mercado municipal de Riveira, con destino a Escola de Hostalaría”, do seguinte xeito:*

Orde	LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA (IVE excluído)
1	Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.	140.377,43 €
2	Obras Gallaecia, S.L.	149.864,96 €
3	Elecnor, S.A.	150.690,83 €
4	Constructora e Ingeniería Messi, S.L.	151.493,87 €
5	Construccións Xela Barbanza, S.L.	168.929,91 €

- *De conformidade co establecido no artigo 159, apartado 4.f.4º, da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, requirir á empresa “Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.” que é a empresa licitadora que resultou clasificada en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de sete días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello a documentación que se indica na cláusula 16.1 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

De conformidade co disposto no artigo 140.4 da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, as circunstancias relativas a capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar as que se refiren os apartados anteriores, deberán concorrer na data final de presentación de ofertas e subsistir no momento de perfección do contrato.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

O acordo de clasificación de ofertas foi notificado, por correo electrónico, ó licitador requirido na data 14/01/2019.

Dentro do prazo concedido a empresa “Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.” presentou a documentación requirida, que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 21/01/2019 co número 834.





Consta no expediente carta de pago expedida polo departamento de contabilidade deste Concello na data 21/01/2019 (nº operación: 2019 33000065), xustificativa de constitución de aval de Afigal, por importe de 7.018,87 euros, en concepto de fianza do contrato.

Consta no expediente certificado expedido polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle, na data 23/01/2019, acreditativo de que do licitador "*Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.*" non constan débedas pendentes líquidas e esixibles.

Vista a proposta formulada pola Mesa de Contratación na súa reunión da data 23/01/2019.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido polo interventor Pablo Bao Castro na data 28/01/2019.

Vistos os antecedentes citados, así como a Disposición Adicional segunda do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS**:

PRIMEIRO.- Declarar válido o expediente de licitación tramitado.

SEGUNDO.- De acordo coa oferta presentada polo licitador e a clasificación das proposicións realizada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 10/01/2019, **adxudicar o contrato para realizar as obras de "Acondicionamento do espazo da planta segunda do mercado municipal de Riveira, con destino a Escola de Hostalaría" á empresa "Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A." (CIF A15352735), nas seguintes condicións contractuais:**

a) Prezo total do contrato: 169.856,69 euros (base: 140.377,43 euros ; IVE 21%: 29.479,26 euros).

b) Prazo de execución: 4 meses, segundo o establecido no proxecto técnico redactado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño de data agosto/2018.

TERCEIRO.- De conformidade co establecido na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe a contratación, **requirir ó adxudicatario para formalizar o correspondente contrato** en documento administrativo no prazo non superior ós 15 días hábiles seguintes a aquel en que reciba a notificación deste decreto de adxudicación.

CUARTO.- Designar como Director das obras o arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño.

QUINTO.- Esta adxudicación notificarase a tódolos licitadores presentados e, simultaneamente, publicarase na Web oficial deste Concello, no apartado "Perfil do Contratante".

3.- APROBACIÓN DO PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA O DISEÑO DA IMAXE CORPORATIVA DA MARCA RIVEIRA.





Vista a proposta de contratación (contrato menor) para o “DESEÑO DA IMAXE CORPORATIVA DA MARCA RIVEIRA”, asinada pola Técnica de Turismo Municipal, Sandra María Fernández Gómez, e polo Concelleiro Delegado de Cemiterios e Turismo, Antono Javier Jesús Freire Brión, en data 28/01/2019.

Visto que consta no expediente o “Prego de prescricións técnicas para o deseño da imaxe corporativa da marca Riveira contemplado na Acción LA07 do proxecto “Más Riveira Atlántica 2020” que posteriormente pasaría a agruparse na LA14 (Posta en valor do patrimonio cultural, natural e turístico) do vector estratéxico Riveira+Turística, cofinanciado nun 80% por fondos feder, dentro do Programa Operativo de Crecemento Sostible (POCS) 2014-2020”.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

Aprobar o “Prego de prescricións técnicas para o deseño da imaxe corporativa da marca Riveira contemplado na Acción LA07 do proxecto “Más Riveira Atlántica 2020” que posteriormente pasaría a agruparse na LA14 (Posta en valor do patrimonio cultural, natural e turístico) do vector estratéxico Riveira+Turística, cofinanciado nun 80% por fondos feder, dentro do Programa Operativo de Crecemento Sostible (POCS) 2014-2020”.

IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 24/01/2019 **“Decreto: Aprobación do plan de seguridade e saúde das obras do proxecto denominado “Instalación de rede de saneamento en camiños de Cristal e Igrexa (Olveira)””**.

V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

1.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN AO LISTADO DE CAMBIOS DE TITULARIDADE, MODIFICACIÓNS DE OCUPACIÓN, ASÍ COMO RENUNCIAS A LICENZAS MUNICIPAIS POLAS QUE SE AUTORIZA A OCUPACIÓN TEMPORAL NA ZONA DE RECHEO PORTUARIO PARA EXERCER A VENDA AMBULANTE NAS SÚAS DISTINTAS MODALIDADES.

FINALIDADE DA LICENZA DE VENDA AMBULANTE: Ocupación temporal no mercado periódico que se celebra os sábados na zona Portuaria do Concello.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 9.1 Sistema Xeral Portuario.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Vistas as solicitudes presentadas polos interesados/as coa respectiva documentación esixida na Ordenanza de venda ambulante aprobada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 28 de xaneiro de 2013 e publicada no B.O.P





nº 139 de data 22 de xullo de 2016, modificada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 26 de xuño de 2017 e publicada no B.O.P nº 199 de data 19 de outubro de 2017, para exercer a venda ambulante nas súas distintas modalidades no mercado periódico que se celebra os sábados na zona Portuaria do Concello.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A Parcela obxecto da edificación clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **URBANO CON ORDENANZA 9.1 SISTEMA XERAL PORTUARIO.**

ORDENANZA 9.1.- Desarrollo

La ordenanza correspondiente debe ajustarse a lo indicado en la Ley 27/1992, es decir, que debe establecer que el sistema general portuario se desenvuelve mediante un Plan Especial o instrumento equivalente, a formular por la Administración Portuaria, y que se instrumentará en la forma establecida en la citada Ley de Puertos. Asimismo, debe establecer que los usos, actividades, instalaciones, construcciones, etc. permitidas en las instalaciones portuarias serán acordes con usos portuarios y con fines propios de la Administración Portuaria.

ORDENANZA TRANSITORIA 9.2-

En ausencia de los correspondientes planes especiales que desarrollan el sistema general portuario, y hasta tanto no se redacten y entren en vigor, se estima conveniente el que se introduzca en el Plan Xeral, una normativa transitoria que se entiende, debe tener un carácter muy general, dada la peculiaridad de los puertos como soporte de un conjunto de actividades comerciales, industriales, de ocio y recreo, etc., en un proceso de permanente evolución como consecuencia de estar sometidas a una serie de complejos factores exteriores, la mayoría coyunturales, que por su dificultad, y en algunos casos, imposibilidad de predicción, exigen una normativa con la suficiente flexibilidad para permitir una rápida adaptación a las circunstancias de cada momento.

De esta forma también se evitará que determinadas obras en los Puertos puedan sufrir considerables retrasos e incluso paralizaciones, lo cual afectaría gravemente a la operatividad y desarrollo de los mismos, perjudicando notablemente su actividad, con los consiguientes perjuicios para los usuarios y, en general, para todo el Ayuntamiento, por la especial repercusión de la actividad portuaria en su economía.

Por lo tanto, el contenido de esta normativa será el siguiente:

Gestión y tutela de las zonas de servicio (sistema general portuario): cualquier actuación en su suelo, de carácter urbano, portuario, deberá contar con la previa concesión o autorización, según sea el caso, de los Organismos Portuarios competentes.

Usos permitidos: los indicados en la vigente Ley de Puertos del Estado y de la Marina Mercante.

Usos prohibidos: los también indicados en la vigente Ley anterior.

Alturas: la altura máxima de las edificaciones (de coronación) será de 12 metros exceptuándose de esta delimitación aquellas instalaciones singulares destinadas al servicio del puerto, tales como depósitos, silos, frío, torretas de alumbrado y balizamiento, etc.

Normas estéticas: las edificaciones deberán integrarse estéticamente en el conjunto del puerto, sin provocar roturas con el contorno, por diseño, color, remates, etc., debiéndose cumplir la normativa dictada por la Dirección General del Patrimonio de la Xunta de Galicia en la zona donde sea de aplicación.





SEGUNDO.- O artigo 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, dispón que a licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

TERCEIRO.- O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da Lei do Solo, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

A estes efectos no expediente constan as solicitudes presentadas polos interesados coa documentación esixida na Ordenanza de venda ambulante aprobada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 28 de xaneiro de 2013 e publicada no B.O.P nº 139 de data 22 de xullo de 2016, modificada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 26 de xuño de 2017 e publicada no B.O.P nº 199 de data 19 de outubro de 2017.

Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, terá os efectos establecidos de conformidade co disposto nos artigos 21 e ss da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para outorgar a licenza de primeira ocupación de edificacións, logo da visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, exixirase certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza outorgada.

Poderán outorgarse licenzas de primeira ocupación parciais, por edificios ou portais completos, nos termos e condicións que se determinen regulamentariamente.

CUARTO.- O artigo 144 da Lei do Solo regula a prelación de licenzas e outros títulos administrativos.

Cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo sexan realizados en terreos de dominio público, esixiranse as autorizacións ou concesións preceptivas previas por parte do titular do dominio público. A falta destas ou a súa denegación impedirlle ao órgano competente outorgar a licenza e ao particular obter o título habilitante.

Cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia.

No suposto de que os actos de edificación e uso do solo e do subsolo suxeitos a licenza urbanística requiran a previa avaliación de impacto ambiental, non se poderá outorgar a licenza municipal con anterioridade á declaración de impacto ou efectos ambientais ditada polo órgano ambiental competente, ou cando for negativa ou se incumprisen as medidas correctoras determinadas nela.





Non se poderá presentar a comunicación previa nin conceder licenza sen que se acredite o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando sexan procedentes de acordo co disposto nesta lei.

QUINTO.- O artigo 145 da Lei do Solo establece que no acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento con audiencia ao interesado.

SEXTO.- O artigo 147 da Lei do Solo establece que os actos relacionados no artigo 142 que promovan órganos das administracións públicas ou de dereito público estarán suxeitos a control municipal por medio da obtención de licenza municipal ou comunicación previa, agás os supostos exceptuados pola lexislación aplicable.

As obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto logo da acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor.

SÉTIMO.- Establece o artigo 357 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

1. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello (artigo 143.2 da LSG).

Ese prazo suspenderase de conformidade co disposto no artigo 354.2 así como nos casos previstos na lexislación sobre procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos vixentes no momento da súa concesión.

3. As resolucións sobre o outorgamento ou denegación de licenzas urbanísticas deben ser motivadas e congruentes co solicitado, con explícita referencia ás normas ou determinacións do planeamento que se incumpran.

4. A resolución mediante a cal se outorgue a licenza deberá consignar expresamente, ademais de calquera outra especificación requirida polas disposicións vixentes e o que o órgano competente considere oportuno incluír, os seguintes aspectos:

a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación.

b) Finalidade da actuación e uso a que se destinará.

c) Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos.

d) Orzamento de execución material.

e) Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito.

f) Nome ou razón social da persoa promotora.

g) Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras e técnico coordinador de seguridade e saúde.

h) Prazos para o inicio e remate das obras e posibilidade de solicitar prórrogas.





i) Calquera outro dato que se considere oportuno en aplicación da normativa aplicable e das condicións singulares en función da tipoloxía do acto de uso do solo ou do subsolo autorizado.

5. Concedida a licenza, selaranse e dilixenciaranse os distintos documentos e todos os planos que integran o proxecto técnico para a debida constancia do contido daquela.

6. Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

OITAVO.- Real Decreto 199/2010 de 26 de febreiro polo que se regula o exercicio da venda ambulante ou no sedentaria.

NOVENO.- Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia en relación co Decreto 144/2016 do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único da regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.

DÉCIMO.- O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obligatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

DÉCIMO PRIMEIRO.- Ordenanza de venda ambulante aprobada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 28 de xaneiro de 2013 e publicada no B.O.P nº 139 de data 22 de xullo de 2016, modificada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 26 de xuño de 2017 e publicada no B.O.P nº 199 de data 19 de outubro de 2017.

DÉCIMO SEGUNDO.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 1 de xullo de 2015.

Vistas as solicitudes presentadas polos interesados/as coa documentación esixida no Ordenanza de venda ambulante aprobada polo Concello de Riveira na data 28 de xaneiro de 2013 e publicada no B.O.P. número 139 de data 22 de xullo de 2016, modificado polo Pleno do Concello de Riveira de data 26 de xuño de 2017 e publicada no B.O.P. número 199 de data 19 de outubro de 2017, para exercer a venda ambulante nas súas distintas modalidades no mercado periódico que se celebra os sábados na zona Portuaria do Concello, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 29/01/2019, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- A APROBACIÓN DA SEGUINTE RELACIÓN DE SOLICITUDES ÁS QUE SE LLE CONCEDE CAMBIOS DE TITULARIDADE, MODIFICACIÓNS DE OCUPACIÓN, ASÍ COMO RENUNCIAS A LICENZAS MUNICIPAIS DE OCUPACIÓN TEMPORAL NA ZONA DE RECHEO PORTUARIO PARA EXERCER A VENDA AMBULANTE nas súas distintas modalidades no mercado periódico que se celebra os sábados na zona Portuaria do Concello de Riveira.

A efectos do cuarto trimestre do exercicio 2018. Renuncia dunha parte de ocupación do mercadillo que se celebra os sabados en Riveira.





Victoria Motos Fernandez con D.N.I. 11.703.933 S, adxudicatario do posto 255 (antes 300) do mercadillo de Riveira cunha ocupación de 6 metros, renuncia a dous metros pasando o seu posto a ser de 4 metros.

255 antes 300	MOTOS FERNANDEZ VICTORIA	11703933S	4	CALZADO-CONFECCION
---------------	--------------------------	-----------	---	--------------------

José Manuel Pose Castelo con D.N.I. 52.934.610 H, adxudicatario do posto 026 do mercadillo de Riveira cunha ocupación de 10 metros, renuncia a 6 metros pasando o seu posto a ser de 4 metros.

026-025	POSE CASTELO JOSE MANUEL	52934610H	4	ALIMENTACION
---------	--------------------------	-----------	---	--------------

A efectos do cuarto trimestre do exercicio 2018. Solicitud de cambio de titularidade do mercadillo que se celebra os sabados en Riveira.

Celestino Campos Montero con D.N.I. 35.433.053 N, adxudicatario do posto 024 do mercadillo de Riveira cunha ocupación de 6 metros, ante a renuncia do posto 025 do mercadillo, solicita ditos metros, (solicitud do 15 de novembro do 2018 con número de entrada 16329) para ter unha ocupación total de 12 metros.

024	CAMPOS MONTERO CELESTINO	35433053N	12	ALIMENTACION
-----	--------------------------	-----------	----	--------------

Exercicio 2019. Renuncia o posto do mercadillo que se celebra os sabados en Riveira.

Bruno Marín Montoya con D.N.I. 35.480.455 B, adxudicatario do posto 280 (antes 266) do mercadillo de Riveira cunha ocupación de 6 metros, renuncia o dito posto.

280 antes 266	MARIN MONTOYA BRUNO	35480455B	6	CALZADO-CONFECCIÓN
---------------	---------------------	-----------	---	--------------------

SEGUNDO.- A autorización municipal constitúe o título habilitante para o exercicio 2018 e terá unha duración de cinco (5) anos, amparando así a venda ambulante que se ven realizando dende o 1 de xaneiro do exercicio 2018 no mercado periódico que se ven celebrando os sábados na zona Portuaria do Concello.

As autorizacións deberán renovarse cada **cinco (5) anos** no 1º trimestre natural de forma expresa por idéntico período. O concello de Riveira poderá comprobar o estado das condicións que motivaron a adxudicación en calquera momento da vixencia da mesma. Cada **5 anos** deberá renovarse o carné de vendedor ambulante entre o 20 de xaneiro e o 20 de febreiro, esixindo en cada caso a documentación oportuna. **Anualmente terán que acreditar estar de alta na seguridade social, ter subscrito o seguro de responsabilidade civil, non ter débedas pendentes e aboar as taxas municipais correspondentes.**

TERCEIRO.- Durante a execución da venda ambulante non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

CUARTO.- Durante a execución da venda ambulante adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe na actividade o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da actividade autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.





QUINTO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da actividade aprecianse desviacións na execución da actividade respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da actividade, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

SÉTIMO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

2.- BAIXA E ADXUDICACION POSTO DO MERCADO nº 7

VISTO o escrito presentado con data 29 de novembro de 2018, rex de entrada nº 17055, por **D. José Rodríguez Deán, DNI nº 76502605M** e domicilio a efectos de notificacións en rúa Montevideo, nº 20, 15970, Porto do Son, no que solicita a baixa con data 31 de decembro de 2018 do **posto de venda nº 7 do Mercado Municipal**, considerando como persona idónea a D. Juan Carlos Falque Tapia.

VISTO o escrito presentado por **D. Juan Carlos Falque Tapia con DNI nº 52450961J** con data 18 de outubro de 2018, rex de entrada nº 15023, , e domicilio a efectos de notificacións en rúa do Toxo, nº 5-4º E, 15960 Ribeira e no que solicita a titularidade do **posto de venda nº 7 do Mercado Municipal**.

CONSIDERANDO que o **artigo 32 do Regulamento do Servizo Municipal de Mercados de Abastos Minoristas do Concello de Riveira** (BOP nº 14, de 20 de xaneiro de 2017) establece que os dereitos que corresponden aos concesionarios dos postos poderán cederse a terceiros, previa aprobación polo mesmo órgano que aprobou a adxudicación da concesión, sempre que estes reúnan as condicións de capacidade esixidas para outorgar orixinariamente a concesión.





CONSIDERANDO que de acordo co **artigo 35** do mesmo corpo regulamentario, antes de autorizar o Concello de Riveira as cesións a terceiros que reúnan as características do apartado 2 do artigo 32 deste Regulamento, poderá exercer o dereito de recuperación da concesión, polo prezo declarado, dentro do prazo quince días naturais, desde a data de comunicación da solicitude de cesión, formulada polos interesados ante o órgano competente para a súa aprobación.

CONSIDERANDO que de acordo co **artigo 36**, aprobada a cesión intervivos do apartado 1- do artigo 32 deste Regulamento, ou a transmisión mortis causa polo Concello, o cesionario anteriormente mencionado e o sucesor hereditario, como requisito previo ao comezo da explotación, deberán ingresar nas arcas municipais, no prazo de trinta días naturais contados a partir da notificación do acordo polo que se autoriza a cesión ou a transmisión, a cantidade que en concepto de canon estea establecida en cada momento na correspondente ordenanza municipal. No caso de que a cesión autorizada sexa a dos cesionarios que reúnan as características do apartado 2 do artigo 32 deste Regulamento, estes cesionarios deberán ingresar nas arcas municipais, no prazo de trinta días naturais contados a partir da notificación do acordo polo que se autoriza a cesión, a cantidade dunha anualidade da taxa municipal correspondente á actividade para exercer.

En caso de falta de pagamento no prazo previsto, a autorización quedará sen efecto e no caso do cesionario, ademais, non poderá ser beneficiario dunha nova cesión.

CONSIDERANDO que unha das causas de extinción da concesión é a renuncia expresa e por escrito do titular (**artigo 39**).

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, acorda por unanimidade dos seus membros:

Primeiro:-Tomar coñecemento da renuncia efectuada por **D. José Rodríguez Deán, DNI nº 76502605M** á titularidade da concesión do **posto de venda nº 7** do mercado municipal e con efectos 31 de decembro de 2018.

Segundo:-Transmitir, de acordo co disposto no artigo 32 do Regulamento do Mercado Municipal, a titularidade da concesión do **posto de venda nº 7**, a **D. Juan Carlos Falque Tapia con DNI nº 52450961J**, debendo ser adicado á venda de charcutería.

Terceiro:-Notificar este acordo ós interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Cuarto:-Requerir a **D. Juan Carlos Falque Tapia** para que, ao abeiro do disposto no artigo 32 do Regulamento do Mercado, no prazo de trinta días naturais contados a partir da notificación do acordo polo que se autoriza a cesión, proceda a ingresar nas arcas municipais a cantidade dunha anualidade da taxa municipal correspondente á actividade para exercer.





En caso de falta de pagamento no prazo previsto, a autorización quedará sen efecto e no caso do cesionario, ademais, non poderá ser beneficiario dunha nova cesión.

Quinto:- Comunicar este acordo ós Servizos Municipais de Tesourería e Recadación para a súa constancia e efectos oportunos.

VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

1.- Visto o escrito presentado por **José María Ventoso Mosquera**, de data 15/11/2018 (Rexistro de entrada nº 16.350), no que solicita licenza de obras para construción de vivenda unifamiliar de planta baixa, no lugar de de Reiriz, Olveira, Riveira, en parcela con refª catastral nº 15074A045008050000KB resultante da licenza de segregación nº 10/16, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 27 de outubro de 2016 e modificada pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 15 de decembro de 2016 así como o día 7 de setembro de 2017.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente, ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 28/11/2018, ao informe técnico emitido pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 22/01/2019, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 24/01/2019, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- CONCEDER ao Sr. José María Ventoso Mosquera, **LICENZA DE OBRAS (Nº 1/19)** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA** no lugar de de Reiriz, Olveira, Riveira, en parcela con refª catastral nº 15074A045008050000KB resultante da licenza de segregación nº 10/16, nos termos do Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 14 de novembro de 2018, redactado polo Sr. Miguel A. Abad Blanco (Col. nº 1.877) & Sr. Antonio Deus Álvarez (Col. nº 1.875):

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde**, debidamente dilixenciado.*
- *Deberá realizar a pavimentación da zona afectada por aliñeacións, e completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o*





simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da Enxeñeira Municipal unha fianza de 99,10 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza.

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a*





producción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).

- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.*
- *A obra realízase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, a tal efecto, participaráse a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóbiles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederáse a





inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

2.- Visto o escrito presentado por **Agustín Cadillo Pérez**, de data 21/01/2019 (Rexistro de entrada nº 832), no que solicita a devolución de I.C.I.O., presentando desistimento expreso da solicitude de licenza de obras acondicionamento de local comercial en Rúa Canarias, 4-Baixo (Riveira).

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente, e ao informe técnico do Delineante Municipal, Jaime García Leyra, de data 23/01/2019, e ao informe de devolución de ingresos do Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 24/01/2019, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- ACEPTAR O DESISTIMENTO EXPRESO PRESENTADO, DECLARANDO CONCLUSO O PROCEDIMENTO E O ARQUIVO DO EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO DE REFERENCIA.

Segundo.- Que se proceda á devolución dos tributos asociados á solicitude de licenza de obra (Expediente de obras nº 2017/COMU000116, formulada por **Agustín Cadillo Pérez**, coa seguinte contía: **1.639,18 €**.

Terceiro.- Notificar a presente resolución ós interesados en cumprimento do disposto Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.





VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

1.- Visto o escrito presentado por **Manuela Paz Mariño**, de data 15/01/2019 (Rexistro de entrada nº 588), no que solicita certificación de que non existe expediente de disciplina urbanística sobre obra en azotea de edificio situado na Rúa Padre Sarmiento, nº 11 con refª catastral nº 0515109NH0101N, que fai esquina coa Rúa Luis Seoane (Riveira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 29/01/2019, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración infórmase que non consta pendente de resolver ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á azotea do edificio con refª catastral nº 0515109NH0101N, sito na Rúa Padre Sarmiento nº 11 e que fai esquina coa Rúa Luis Seoane, Riveira.

2.- Visto o escrito presentado por Silvia Graña Reino en representación de **Alexander Sebastián Fernández**, de data 17/01/2019 (Rexistro de entrada nº 735), no que solicita certificación urbanística de parcela sita en Travesía Delicias (Corrubedo).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 25/01/2019, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao solicitante como segue:

Ref. catastral: 15074A90201610

CLASIFICACIÓN DE SOLO: A parcela se sitúa en terreo CLASIFICADO no PXOM como RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE ESPAZOS NATURAIS.

Encóntrase incluído en zona de servidume de costas.

Para parcelas clasificadas como rústicas polo PXOM de Riveira, non adaptado á lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, deberase aplicar o réxime de solo rústico da Lei 2/2016 do Solo de Galicia según a disposición transitoria primeira 2.d da dita Lei.

En relación ao contido da solicitud se informa que os usos e actividades máis asimilables son os previstos no Art. 35.1 .d "Campamentos de turismo e instalacións de praia e actividades de carácter deportivo, sociocultural, recreativo e de baño, de





carácter público ou privado, de uso individual ou colectivo, que se desenvolven ao aire libre, coas obras e instalacións imprescindibles para o uso de que se trate".

IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XII.- VAOS PERMANENTES.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- Visto o informe emitido pola **Policía Local**, de data 15/01/2019, relativo á modificación da sinalización viaria nas inmediacións da glorieta ubicada na intersección das rúas Cubeliños, Xosé Ramón Barreiro e Constitución (Riveira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar o repintado, reubicación e retirada da sinalización na rúa que comunica a rúa Alcalde Fernández Bermúdez coa glorieta sita na rúa Cubeliños (Riveira) para mellorar a seguridade vial da zona, e facendo que a circulación sexa soamente nun único sentido debido á estreitez da vía e o cambio de rasante existente que limita notablemente a visibilidade; según o sinalado no citado informe policial.





2.- PROPOSTA DE ACORDO AUTORIZACIÓN TRANSMISIÓN LICENCIA DE TAXI Nº 33. (Decreto 103/2018, do 13 de Setembro)

VISTA a solicitude formulada por D. Manuel Fernández Riveiro, con DNI nº 76496740-W e D. Manuel Adán Fernández Lijó, con DNI nº 52931984-Z, no que solicitan que ó abeiro do disposto no artigo 11 da Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, se proceda á autorización para a transmisión intervivos da licencia de taxi da que é titular D. Manuel Fernández Riveiro neste Concello (nº 33) e da autorización interurbana de taxi a favor de D. Manuel Adán Fernández Lijó,

CONSIDERANDO que a Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, define, no seu artigo 2, os servizos de taxi como o transporte público e discrecional de persoas viaxeiras realizado por persoas físicas en vehículos de turismo que contan con signos distintivos de taxi e realízase por conta allea mediante retribución económica suxeita a tarifa e dispendo dos correspondentes títulos habilitantes para a prestación do servizo.

CONSIDERANDO que conforme ao artigo 17.6 da Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, a transmisión da titularidade de licenza de «Auto Taxi» deberá outorgarse no prazo de tres meses. No caso de que o órgano competente non ditase nin notificado resolución expresa en devandito prazo, a solicitude entenderase desestimada.

CONSIDERANDO que previa autorización das administracións competentes, os títulos habilitantes para a prestación de servizos de taxi serán transmisibles a calquera persoa física que o solicite e acredite que cumpre cos requisitos para ser titular destes segundo o establecido no artigo 5 da Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia. Dita transmisión non terá a consideración de outorgamento de novos títulos.

CONSIDERANDO que a transmisión da licenza de taxi estará condicionada, na súa eficacia, ao outorgamento da autorización interurbana de taxi ao novo titular. A tal fin, unha vez autorizada a transmisión da licenza de taxi polo concello e unha vez inscrita a nova titularidade no Rexistro de Títulos Habilitantes, a persoa interesada deberá solicitar á dirección xeral competente en materia de transportes da Xunta de Galicia a transmisión da autorización interurbana de taxi, que resolverá de maneira congruente co contido do informe previsto no apartado 3 do artigo 17 da Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia. No prazo máximo dun mes desde a notificación da autorización de transmisión desta última deberá darse inicio efectivo ao exercicio da actividade.

ACREDITADO que a licencia autorización, transmitente e adquirente e vehículo que son obxecto da transmisión interesada son os seguintes:

-Licencia de Taxi: nº 33 de Riveira.

-Autorización: Clase VT Nacional nº 05459874-3, de data 23/07/2009.

-Transmitente: Manuel Fernández Riveiro, DNI nº 76496740-M.





-Adquirente: Manuel Adán Fernández Lijó, DNI nº 52931984-Z.

-Vehículo para prestación do servizo: Turismo, marca AUDI, modelo A6, matrícula 1109-GLJ número de chasis WAUZZZ4FX9N040549.

ACREDITADO que transcorreron un mínimo de dous anos dende a adquisición pola persoa transmitente da condición de titular da licencia.

ACREDITADO que tanto o transmitente como o adquirente están ó corrente das súas obrigas tributarias locais e das relacionadas coa actividade propia do servizo de taxi.

ACREDITADO que nin o transmitente nin o adquirente teñen pendentes de cumprimento sancións pecuniarias derivadas do exercizo da actividade como taxista que lles foran impostas polo Concello pola resolución administrativa firme.

ACREDITADO que a persoa adquirente non superaría como consecuencia da transmisión o límite máximo de concentración de licencias de taxi nunha mesma persoa titular, posto que trataríase de única, e cumpre os requisitos para ser titular da licencia municipal.

ACREDITADO que non existe prohibición de transmisión como medida provisional durante a tramitación dun procedemento de extinción de licencia, nin obsta outro impedimento para a transmisión.

VISTA a Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, os artigos 21.1.q) e 84.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local concordantes da Lei 5/97, de 22 de xullo do réxime local de Galicia, así como o artigo 9 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais aprobado por Decreto 17 de xuño de 1955, e

CONSIDERANDO que de acordo co artigo 3.2.c do **DECRETO 103/2018, DO 13 DE SETEMBRO (DOGA 01/10/2018)** polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, de 30 de maio, do transporte público de persoas en vehículos turísticos en Galicia:

Sen prexuízo das especialidades que conteñen as seccións 2ª e 3ª deste capítulo, a adxudicación a particulares de novas licenzas e autorizacións e a autorización da súa transmisión, xa sexa inter vivos ou mortis causa, e a substitución de vehículos ou a modificación das súas características, suxeitarase a un procedemento coordinado integrado polos seguintes trámites:

c) Completada a tramitación, o concello poderá desestimar directamente a solicitude se entende que non concorren os requisitos precisos para acceder ao solicitado desde o punto de vista das competencias municipais.

Se, pola contra, considera que si se dan eses requisitos, efectuará unha proposta de resolución nese sentido e remitirá esta, xunto con todo o expediente, ao órgano competente da Administración xeral da Comunidade Autónoma de





Galicia, para que se emita informe sobre a concorrencia das exixencias para completar o procedemento en relación coa autorización interurbana.

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros **realizar diante do órgano competente da Xunta de Galicia** a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO. Que se conceda a D. Manuel Fernández Riveiro, con DNI nº **76496740-W** o cambio de titularidade de licénciaa «Auto Taxi» núm. 33, a favor de D. Manuel Adán Fernández Lijó, con DNI nº **52931984-Z**, sometida ao procedemento de transmisión, coas mesmas características que a licenza orixinaria, e que son as seguintes:

- Licencia de Taxi: nº 33 de Riveira.
- Autorización: Clase VT Nacional nº 05459874-3, de data 23/07/2009.
- Transmitente: Manuel Fernández Riveiro, DNI nº 76496740-M.
- Adquirente: Manuel Adán Fernández Lijó, DNI nº 52931984-Z.
- Vehículo para prestación do servizo: Turismo, marca AUDI, modelo A6, matrícula 1109-GLJ número de chasis WAUZZZ4FX9N040549.

SEGUNDO. Que se proceda á inscrición da transmisión da titularidade da licenza de «Auto Taxi» núm. 33 no Rexistro de Títulos Habilitantes.

[A transmisión da licenza de taxi estará condicionada, na súa eficacia, ao outorgamento da autorización interurbana de taxi ao novo titular. A tal fin, unha vez autorizada a transmisión da licenza de taxi polo concello e unha vez inscrita a nova titularidade no Rexistro de Títulos Habilitantes, a persoa interesada deberá solicitar á dirección xeral competente en materia de transportes da Xunta de Galicia a transmisión da autorización interurbana de taxi, que resolverá de maneira congruente co contido do informe previsto no apartado 3 do artigo 17 da Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia. No prazo máximo dun mes desde a notificación da autorización de transmisión desta última deberá darse inicio efectivo ao exercicio da actividade].

TERCEIRO:En consecuencia co anterior e de conformidade co artigo 17 da Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia e o **ARTIGO 3.2.C SEGUNDO PARÁGRAFO DO DECRETO 103/2018, DO 13 DE SETEMBRO (DOGA 01/10/2018)**, remitir a presente proposta, xunto con todo o expediente en relación á solicitude de transmisión de licenza «Auto-Taxi», aos efectos de que se emita informe sobre a procedencia de conceder dita transmisión polo Servizo de Mobilidade de A Coruña da Consellería de Infraestruturas e Vivenda (cmati.co.cap@xunta.gal) da Xunta de Galicia (aplicación informática RTAXI: <https://rtaxi.xunta.es>), no prazo dun mes.

CUARTO. Notificar tanto ao transmitente como ao adquirente o presente acordo.





**3.- PROPOSTA DE ACORDO AUTORIZACIÓN TRANSMISIÓN LICENCIA DE TAXI
Nº 36.(Decreto 103/2018, do 13 de Setembro)**

VISTA a solicitude formulada por D. Manuel Rivas Gómez, con DNI nº 33202293-E, no que solicita que ó abeiro do disposto no artigo 11 da Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, se proceda á autorización para a transmisión intervivos da licencia de taxi da que é titular D. Manuel Rivas Gómez neste Concello (nº 36) e da autorización interurbana de taxi a favor de Dña Jessica Álvarez Fuentefría, con DNI nº 53481720-G

CONSIDERANDO que a Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, define, no seu artigo 2, os servizos de taxi como o transporte público e discrecional de persoas viaxeiras realizado por persoas físicas en vehículos de turismo que contan con signos distintivos de taxi e realízase por conta allea mediante retribución económica suxeita a tarifa e dispendo dos correspondentes títulos habilitantes para a prestación do servizo.

CONSIDERANDO que conforme ao artigo 17.6 da Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, a transmisión da titularidade de licenza de «Auto Taxi» deberá outorgarse no prazo de tres meses. No caso de que o órgano competente non ditase nin notificado resolución expresa en devandito prazo, a solicitude entenderase desestimada.

CONSIDERANDO que previa autorización das administracións competentes, os títulos habilitantes para a prestación de servizos de taxi serán transmisibles a calquera persoa física que o solicite e acredite que cumpre cos requisitos para ser titular destes segundo o establecido no artigo 5 da Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia. Dita transmisión non terá a consideración de outorgamento de novos títulos.

CONSIDERANDO que a transmisión da licenza de taxi estará condicionada, na súa eficacia, ao outorgamento da autorización interurbana de taxi ao novo titular. A tal fin, unha vez autorizada a transmisión da licenza de taxi polo concello e unha vez inscrita a nova titularidade no Rexistro de Títulos Habilitantes, a persoa interesada deberá solicitar á dirección xeral competente en materia de transportes da Xunta de Galicia a transmisión da autorización interurbana de taxi, que resolverá de maneira congruente co contido do informe previsto no apartado 3 do artigo 17 da Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia. No prazo máximo dun mes desde a notificación da autorización de transmisión desta última deberá darse inicio efectivo ao exercicio da actividade.

ACREDITADO que a licencia autorización, transmitente e adquirente e vehículo que son obxecto da transmisión interesada son os seguintes:





-Licencia de Taxi: nº 36 de Riveira, outorgada con data 6 de novembro de 1985.

-Transmitente: D. Manuel Rivas Gómez, con DNI nº 33202293-E

-Adquirente: Dña Jessica Álvarez Fuentesfría, con DNI nº 53481720-G

ACREDITADO que transcorreron un mínimo de dous anos dende a adquisición pola persoa transmitente da condición de titular da licencia.

ACREDITADO que tanto o transmitente como o adquirente están ó corrente das súas obrigas tributarias locais e das relacionadas coa actividade propia do servizo de taxi.

ACREDITADO que nin o transmitente nin o adquirente teñen pendentes de cumprimento sancións pecuniarias derivadas do exercizo da actividade como taxista que lles foran impostas polo Concello pola resolución administrativa firme.

ACREDITADO que a persoa adquirente non superaría como consecuencia da transmisión o límite máximo de concentración de licencias de taxi nunha mesma persoa titular, posto que trataríase de única, e cumpre os requisitos para ser titular da licencia municipal.

ACREDITADO que non existe prohibición firme de transmisión como medida provisional durante a tramitación dun procedemento de extinción de licencia, nin obsta outro impedimento para a transmisión.

VISTA a Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, os artigos 21.1.q) e 84.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local concordantes da Lei 5/97, de 22 de xullo do réxime local de Galicia, así como o artigo 9 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais aprobado por Decreto 17 de xuño de 1955 e

CONSIDERANDO que de acordo co artigo 3.2.c do **DECRETO 103/2018, DO 13 DE SETEMBRO (DOGA 01/10/2018)** polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, de 30 de maio, do transporte público de persoas en vehículos turísticos en Galicia:

Sen prexuízo das especialidades que conteñen as seccións 2ª e 3ª deste capítulo, a adxudicación a particulares de novas licenzas e autorizacións e a autorización da súa transmisión, xa sexa inter vivos ou mortis causa, e a substitución de vehículos ou a modificación das súas características, suxeitarase a un procedemento coordinado integrado polos seguintes trámites:

c) Completada a tramitación, o concello poderá desestimar directamente a solicitude se entende que non concorren os requisitos precisos para acceder ao solicitado desde o punto de vista das competencias municipais.

Se, pola contra, considera que si se dan eses requisitos, efectuará unha proposta de resolución nese sentido e remitirá esta, xunto con todo o expediente, ao órgano competente da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, para que se emita informe sobre a concorrencia das exixencias para completar o procedemento en relación coa autorización interurbana.





A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros **realizar diante do órgano competente da Xunta de Galicia** a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO. Que se conceda a D. Manuel Rivas Gómez, con DNI nº 33202293-E o cambio de titularidade de licenza «Auto Taxi» núm. 36, a favor de Dña Jessica Álvarez Fuentefría, con DNI nº 53481720-G, sometida ao procedemento de transmisión, coas mesmas características que a licenza orixinaria, e que son as seguintes:

- Licencia de Taxi: nº 36 de Riveira, outorgada con data 6 de novembro de 1985.
- Transmitente: D. Manuel Rivas Gómez, con DNI nº 33202293-E
- Adquirente: Dña Jessica Álvarez Fuentefría, con DNI nº 53481720-G

SEGUNDO. Que se proceda á inscrición da transmisión da titularidade da licenza de «Auto Taxi» núm. 36 no Rexistro de Títulos Habilitantes.

[A transmisión da licenza de taxi estará condicionada, na súa eficacia, ao outorgamento da autorización interurbana de taxi ao novo titular. A tal fin, unha vez autorizada a transmisión da licenza de taxi polo concello e unha vez inscrita a nova titularidade no Rexistro de Títulos Habilitantes, a persoa interesada deberá solicitar á dirección xeral competente en materia de transportes da Xunta de Galicia a transmisión da autorización interurbana de taxi, que resolverá de maneira congruente co contido do informe previsto no apartado 3 do artigo 17 da Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia. No prazo máximo dun mes desde a notificación da autorización de transmisión desta última deberá darse inicio efectivo ao exercicio da actividade].

TERCEIRO: En consecuencia co anterior e de conformidade co artigo 17 da Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, e o **ARTIGO 3.2.C SEGUNDO PARÁGRAFO DO DECRETO 103/2018, DO 13 D SETEMBRO (DOGA 01/10/2018)** remitir a presente proposta, xunto con todo o expediente en relación á solicitude de transmisión de licenza «Auto-Taxi», aos efectos de que se emita informe sobre a procedencia de conceder dita transmisión polo Servizo de Mobilidade de A Coruña da Consellería de Infraestructuras e Vivenda (cmati.co.cap@xunta.gal) da Xunta de Galicia (aplicación informática RTAXI: <https://rtaxi.xunta.es>), no prazo dun mes.

CUARTO. Notificar tanto ao transmitente como ao adquirente a presente proposta de acordo.





**4.- PROPOSTA DE ACORDO AUTORIZACIÓN DE SUBSTITUCIÓN DE VEHÍCULO
ADSCRITO Á LICENZA INTERURBANA DE TAXI Nº 30 DA QUE É TITULAR D. ROGELIO
ESTÉVEZ DÍOS (Decreto 103/2018, do 13 de Setembro)**

VISTA a solicitude presentada por **D.Rogelio Estévez, con DNI nº 33180187-L con data 30 de novembro de 2018 (registro de entrada nº 17158)** no senso de que se proceda á substitución do vehículo adscrito á licenza interurbana de **taxi nº 30** (vehículo anterior: Peugeot 407, matrícula 3315, FHV, vehículo actual: Citroen C-Elysée, matrícula 9209 KFW),da que é titular D. Rogelio Estévez Dios, **DNI nº 33180187.**

CONSIDERANDO que según o disposto no **artigo 31 do Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, de transporte público de persoas en vehículos turísticos de Galicia:**

1. As persoas titulares de títulos habilitantes para prestar o servizo de taxi poderán substituír o vehículo adscrito a estes, seguindo para tal fin o procedemento coordinado previsto na sección 1ª do capítulo II.

2. A solicitude de substitución identificará con claridade o número de licenza e de autorización interurbana, o vehículo orixinal e mais o substituto. A solicitude deberá ir acompañada, ademais, da documentación precisa para acreditar que o novo vehículo cumpre cos requisitos necesarios para adscribirse aos títulos habilitantes para prestar o servizo, sen prexuízo do dereito da persoa interesada a non presentar aqueles documentos que xa se atopen en poder das administracións públicas ou teñan sido elaboradas por elas, de acordo cos artigos 53.1.d) e 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

3. Para que a substitución poida ser autorizada, ademais de cumprir co resto de requisitos establecidos para poder adscribirse ao servizo, o vehículo substituto debe ser máis novo que o substituído, atendendo á data da súa primeira matriculación, e non superar as antigüidades máximas establecidas no artigo 29.2.

ACREDITADO o cumprimento dos requisitos e

CONSIDERANDO que de acordo co **artigo 3.2.c do DECRETO 103/2018, DO 13 DE SETEMBRO (DOGA 01/10/2018)** polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, de 30 de maio, do transporte público de persoas en vehículos turísticos en Galicia:

Sen prexuízo das especialidades que conteñen as seccións 2ª e 3ª deste capítulo, a adxudicación a particulares de novas licenzas e autorizacións e a autorización da súa transmisión, xa sexa inter vivos ou mortis causa, e a substitución de vehículos ou a modificación das súas características, suxeitarase a un procedemento coordinado integrado polos seguintes trámites:

c) Completada a tramitación, o concello poderá desestimar directamente a solicitude se entende que non concorren os requisitos precisos para acceder ao solicitado desde o punto de vista das competencias municipais.





Se, pola contra, considera que si se dan eses requisitos, efectuará unha proposta de resolución nese sentido e remitirá esta, xunto con todo o expediente, ao órgano competente da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, para que se emita informe sobre a concorrencia das exixencias para completar o procedemento en relación coa autorización interurbana.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, acorda por unanimidade dos seus membros **realizar diante do órgano competente da Xunta de Galicia** a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO. Que se conceda a D. Rogelio Estévez Dios con DNI nº 33180187-L a substitución do vehículo adscrito á licenza interurbana de taxi nº 30 (vehículo anterior: Peugeot 407, matrícula 3315, FHV, vehículo actual: Citroen C-Elysée, matrícula 9209 KFW), da que é titular D. Rogelio Estévez Dios, **DNI nº 33180187.**

SEGUNDO. Que se proceda á inscrición desta autorización no Rexistro de Títulos Habilitantes.

TERCEIRO :En consecuencia co anterior e de conformidade co artigo 17 da Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia e o **ARTIGO 3.2.C SEGUNDO PARÁGRAFO DO DECRETO 103/2018, DO 13 D SETEMBRO (DOGA 01/10/2018), remitir a presente proposta**, xunto con todo o expediente en relación á solicitude de autorización de substitución adscrito á licenza interurbana de taxi nº 30, aos efectos de que se emita informe sobre a procedencia de conceder dita autorización polo Servizo de Mobilidade de A Coruña da Consellería de Infraestruturas e Vivenda (cmati.co.cap@xunta.gal) da Xunta de Galicia (aplicación informática RTAXI: <https://rtaxi.xunta.es>), no prazo dun mes.

CUARTO. Notificar tanto ao transmitente como ao adquirente o presente acordo.

SOLICITUDES DE SUBVENCIONES

1.- Vista a proposta presentada polo **Alcalde, Manuel Ruiz Rivas**, de data 25/01/2019, en relación á convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para o mantemento de conservatorios, escolas de música e escolas de danza municipais durante o ano 2019 (BOP nº 11, de 16 de xaneiro de 2019).

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**





1.- Acollerse ao sinalado na citada convocatoria e solicitar unha subvención para o Conservatorio Profesional de Música de Riveira por importe de 20.000 €, que se destinará a financiar os gastos de funcionamento e persoal.

2.- Facultar a Manuel Ruiz Rivas, alcalde do Concello de Ribeira, para actuar en representación do Concello e formular a correspondente solicitude.

3.- Xuntar á dita solicitude a documentación, declaracións e compromisos que nela se inclúen.

4.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social na que se acredite que o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

5.- Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación Provincial da Coruña en toda a información que se realice para acadar a finalidade para a que é concedida.

2.- Vista a proposta presentada polo **Alcalde, Manuel Ruiz Rivas**, de data 25/01/2019, en relación á convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para o mantemento dos servizos de normalización lingüística durante o ano 2019 (BOP nº 7, de 10 de xaneiro de 2019).

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

1.- Acollerse ao sinalado na citada convocatoria e solicitar unha subvención para o financiamento das retribucións da técnica do Servizo de Normalización Lingüística durante o ano 2019 por importe de 12.000 €.

2.- Facultar a Manuel Ruiz Rivas, alcalde do Concello de Ribeira, para actuar en representación do Concello e formular a correspondente solicitude.

3.- Xuntar á dita solicitude a documentación, declaracións e compromisos que nela se inclúen.

4.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social na que se acredite que o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

5.- Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación Provincial da Coruña en toda a información que se realice para acadar a finalidade para a que é concedida.





3.- Vista a proposta presentada polo **Concelleiro Delegado de Deportes, Anxo Orellán Fernández**, de data 25/01/2019, en relación á convocatoria do “Programa de subvencións a concellos e entidades locais para contratar persoal técnico deportivo durante o ano 2019” da Deputación provincial da Coruña (BOP nº 9, de data 14/01/2019).

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

1.- Acollerse ao sinalado na citada convocatoria e solicitar unha axuda, por importe de 15.000€, para o **“Persoal técnico deportivo”**.

2.- Facultar ao Sr. Alcalde D. Manuel Ruiz Rivas para actuar en representación do Concello de Riveira e formular a correspondente solicitude de axuda.

3.- Xuntar á dita solicitude a documentación, declaracións e compromisos que nela se inclúen.

4.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social na que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

5.- Comprometerse a empregar a utilización da lingua galega na realización do proxecto.

6.- Comprometerse a que o persoal técnico deportivo participe nas actividades formativas organizadas pola área de Deportes da Deputación da Coruña no ámbito das políticas deportivas.

7.- Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación Provincial da Coruña en toda a información que se realice para acadar a finalidade para a que é concedida.

4.- Vista a proposta presentada polo **Concelleiro Delegado de Promoción e Dinamización Económica, Manuel Emilio Pérez Outeiral**, de data 30/01/2019, en relación á Orde do 12 de decembro de 2018, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2019 (DOG núm. 6, do 09/01/2019).

Vista a documentación que consta no expediente.





A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Primeiro.- Solicitar a Consellería de Economía, Emprego e Industria, ao amparo da orde citada anteriormente, unha subvención para a contratación de persoas desempregadas para prestar o seguinte servizo:

SERVIZO DE SOCORRISTAS DE PRAIAS: 30 socorristas a xornada completa (8h/día), durante **3 meses**.

Segundo.- Facer constar que as retribucións dos traballadores a contratar serán as que figuran no actual Orzamento Municipal, de aplicación ao persoal laboral do Concello.

Terceiro.- Solicitar a contratación anticipada dos traballadores no caso de que sexa concedida a citada subvención.

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e quince minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

O Alcalde

Manuel Ruiz Rivas

Dou fe, o secretario xeral

Juan Manuel Salguero del Valle

